

poboación ou da superficie de solo urbanizado do municipio ou ámbito territorial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados no momento da entrada en vigor desta lei:

a) A Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.

b) O artigo 133, o punto 1 do artigo 134, o punto 1 do artigo 243, o artigo 276, o punto 1 do artigo 280 e os artigos 287, 288 e 289 do texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño.

c) Os artigos 38 e 39 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

d) Cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter do contido dispositivo desta lei.*

1. Teñen o carácter de condicións básicas da igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos correspondentes deberes constitucionais e, se é o caso, de bases do réxime das administracións públicas, da planificación xeral da actividade económica e de protección do ambiente, ditadas en exercicio das competencias reservadas ao lexislador xeral no artigo 149.1.1.^a, 13.^a, 18.^a e 23.^a da Constitución, os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, puntos 1, 2, 3 e 5, 12, 13, 14, 15, 16 31, punto 3, as disposicións adicionais primeira e sexta, puntos 1 e 2, e as disposicións transitorias primeira, segunda e cuarta.

2. Os artigos 33 e 34, puntos 1 e 2, teñen o carácter de bases da planificación xeral da actividade económica ditadas en exercicio da competencia reservada ao lexislador estatal no artigo 149. 1. 13.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias exclusivas sobre solo e urbanismo que teñan atribuídas as comunidades autónomas.

3. Teñen o carácter de disposicións establecidas en exercicio da competencia reservada ao lexislador estatal polo artigo 149.1.4.^a, 8.^a e 18.^a sobre defensa, lexislación civil, expropiación forzosa e sistema de responsabilidade das administracións públicas, os artigos 11, puntos 4, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30 31, puntos 1 e 2, 32 34, puntos 3 e 4, 35 e 36, as disposicións adicionais segunda, quinta, sexta, punto 3, e sétima e a disposición transitoria terceira.

4. O contido normativo íntegro desta lei é de aplicación directa nos territorios das cidades de Ceuta e Melilla, coas seguintes precisións:

a) A potestade que a letra b) do artigo 10 lle recoñece á lei para reducir a porcentaxe de reserva de vivenda sometida a algún réxime de protección pública e a de determinar os posibles destinos do patrimonio público do solo, de entre os previstos no punto 1 do artigo 34, poderán ser exercidas directamente no plan xeral.

b) A porcentaxe a que se refire a letra b) do punto 1 do artigo 16 será a do quince por cento, que o plan xeral poderá incrementar motivada e proporcionalmente ata o vinte por cento nas actuacións ou ámbitos en que o valor dos soares resultantes ou do seu incremento, de ser o caso, sexa sensiblemente superior ao medio dos incluídos na súa mesma clase de solo.

5. O disposto nesta lei aplicarase sen prexuízo dos réximes civís, forais ou especiais, alí onde existen.

Disposición derradeira segunda. *Delegación lexislativa.*

Delégase no Goberno, por un ano contado desde a entrada en vigor desta lei, a potestade de ditar un real decreto legislativo que refunda o texto dela e os precep-

tos que quedan vixentes do Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, debendo aclararse, regularizarse e harmonizarse a terminoloxía e o contido dispositivo deste aos desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para proceder, no marco das súas atribucións, ao desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xullo de 2007.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE XUSTIZA

10702 *ORDE JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos. («BOE» 128, do 29-5-2007.)*

I

O Rexistro Civil é un instrumento fundamental na vida dos cidadáns que requiren os seus servizos para a realización de numerosos trámites e procedementos.

A incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación ao Rexistro Civil é sen dúbida indispensable para conseguir un rexistro capaz de satisfacer as necesidades dos cidadáns da sociedade actual, que requiren a existencia de rexistros públicos accesibles que permitan obter a información contida nos asentos rexistrados de forma fácil e rápida.

O proxecto de informatización dos rexistros civís púxose en marcha a partir de 1999 data en que se aprobou a Orde do Ministerio de Xustiza do 19 de xullo sobre Informatización dos rexistros civís ditada ao abeiro da disposición derradeira terceira da Lei do Rexistro Civil de 1957.

II

Entre os antecedentes normativos do proceso de informatización, débese destacar o artigo 105 do Regulamento do Rexistro Civil, redactado polo Real decreto 1917/1986, do 29 de agosto, que habilitou o Ministerio de Xustiza para decidir, sen prexuízo da conservación dos libros, a informatización dos rexistros e a expedición de certificacións por ordenador.

Posteriormente, a Lei orgánica 7/1992, do 20 de novembro, tendo en conta o volume de certificacións e actuacións rexistradas existentes, e partindo da idea de que a aplicación á xestión do Rexistro Civil das novas técnicas de tratamento automatizado de datos facía necesario crear na Lei do Rexistro Civil, do 8 de xullo de 1957, a base xurídica para superar a forma de documentación tradicional, estableceu a previsión legal para proceder á informatización efectiva do Rexistro Civil como medio de coadju-

var a facer realidade a súa modernización en beneficio dos administrados.

Para iso introduciu tres previsións normativas. A primeira consistiu en engadir un parágrafo cuarto ao artigo 6 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957 coa seguinte redacción: «As inscricións rexistras poderán ser obxecto de tratamento automatizado». A segunda incorporou unha disposición adicional á Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957 coa seguinte redacción: «Para os efectos establecidos no artigo 6 desta lei, as referencias que nela se realizan aos libros e asentos rexistras, poderanse entender referidas aos ficheiros automatizados de datos rexistras e ao tratamento destes». Finalmente, a terceira introduciu unha disposición derradeira terceira na Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957 co seguinte teor: «Regulamentariamente estableceranse os requisitos, a forma de practicar os asentos e expedir certificacións e as demais condicións que afecten o establecemento e xestión dos ficheiros automatizados de datos rexistras».

En desenvolvemento desta última previsión a Orde do Ministerio de Xustiza do 19 de xullo de 1999, sobre informatización dos rexistros civís, fixou o marco xurídico xeral a que se debería axustar a organización e funcionamento dos rexistros civís informatizados, establecendo as finalidades e obxectivos da informatización, o seu contido, as súas repercusións na citada organización, o modo de mantemento dos seus libros, a creación dunha base central de datos e a recuperación dos arquivos anteriores á informatización dos rexistros civís.

A execución das previsións da devandita orde deu lugar á elaboración dunha aplicación informática especialmente deseñada para o efecto, denominada Inforeg, a cal se encontra nestes momentos implantada e en plena explotación na maior parte dos rexistros civís principais, a cargo de xuíces e maxistrados, de España, cuxas funcionalidades principais van dirixidas a permitir a utilización de tratamentos de textos na redacción dos asentos rexistras, o almacenamento electrónico dos datos, permitir a conexión dos datos sobre unha mesma persoa inscritos en seccións diferentes de diversos rexistros civís e facilitar a transmisión masiva de datos de utilidade pública aos organismos públicos que teñan interese neles, con pleno respecto aos límites legais sobre publicidade restrinxida, protección de datos persoais e ao dereito á intimidade persoal e familiar.

III

Pero, ademais dos obxectivos anteriores, o artigo 9 n.º 1 da Orde do 19 de xullo de 1999 fixaba unha finalidade adicional consistente na recuperación informática dos arquivos anteriores á informatización dos rexistros civís. En particular esta disposición prevía que a recuperación informática dos asentos relativos a inscricións anteriores á implantación da aplicación informática se realizaría progresivamente en función das posibilidades orzamentarias e abranguería todas as inscricións de nacemento, matrimonio e defunción practicadas nos rexistros civís desde 1950.

Porén, esta funcionalidade non estaba incorporada á aplicación Inforeg antes mencionada. Para cubrir esta lagoa o Ministerio de Xustiza subscribiu xunto coa Entidade Pública Empresarial Red.es un convenio marco de colaboración para a posta en marcha do programa «Rexistro Civil en Liña», asinado o 17 de maio de 2006, que establece, entre outras actuacións, un proxecto de dixitalización e gravación dos libros manuscritos dos rexistros civís principais, a cargo de xuíces e maxistrados, e dos rexistros civís delegados, a cargo dos xuíces de paz.

A recuperación informática dos asentos relativos a inscricións anteriores á implantación da aplicación informática Inforeg, que constan nos tradicionais libros manuscritos, débese realizar progresivamente no calen-

dario establecido no convenio marco antes citado e debe abranguer todas as inscricións de nacemento, matrimonio, defuncións e tutelas e demais representacións legais practicadas nos rexistros civís municipais, tanto principais como delegados, desde 1950. Esta recuperación informática consiste na dixitalización das páxinas dos libros rexistras, consistente no seu escaneamento e indexación, e na gravación informática básica dos datos dos asentos rexistras que permitan a busca e consulta da páxina e do tomo dixitalizado en que se encontren.

Co fin de permitir a execución práctica da recuperación informática dos arquivos integrados polos tradicionais libros manuscritos dos rexistros civís anteriores á súa informatización, faise preciso aprobar as modificacións da aplicación informática actualmente utilizada nos rexistros civís de España, dotar de cobertura normativa e definir os procedementos e características esenciais do proceso de dixitalización dos libros rexistras manuscritos, así como adaptar as regras polas cales se rexe a organización e conservación dos libros que forman o arquivo dos rexistros civís informatizados ás necesidades impostas polo proceso de informatización, e ás exigencias que derivan de instrumentos internacionais como o Convenio n.º 31 da Comisión Internacional do Estado Civil relativo á comunicación internacional por vía electrónica, feito en Atenas o 17 de setembro de 2001.

A este obxectivo prioritario encamiñase esta orde ministerial, que responde á necesidade de dotar dun novo impulso a informatización dos rexistros civís en coherencia cos novos fitos que fixeron das novas tecnoloxías da información e da comunicación unha prioridade para o Goberno, no contexto da Unión Europea, como o Plan Avanza aprobado polo Consello de Ministros do 4 de novembro de 2005, que, pola súa vez, se enmarca nos eixes estratéxicos do Programa Nacional de Reformas deseñado polo Goberno para cumprir coa Estratexia de Lisboa, e que pretende, entre outros obxectivos, impulsar a posta á disposición de novos servizos públicos en liña máis accesibles e eficientes.

Na súa virtude, logo do informe da Axencia Española de Protección de Datos e da Comisión Ministerial de Administración Electrónica do Ministerio de Xustiza, dispónse:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto impulsar a informatización dos rexistros civís e para iso:

- a. Apróbase a versión da aplicación informática Inforeg (4.0) dos rexistros civís.
- b. Créase o Libro complementario de inscricións marxinais que existirá respecto das seccións primeira ou «De nacementos e xeral», segunda ou «De matrimonios», terceira ou «De defuncións» e cuarta ou «De tutelas e representacións legais».
- c. Regúlase o proceso de recuperación dixital dos arquivos manuscritos anteriores á informatización dos rexistros así como a xestión das incidencias relativas a este proceso.
- d. Modifícanse as regras polas cales se rexe a organización e mantemento dos libros que forman o arquivo dos rexistros civís informatizados.
- e. Regúlase a posibilidade da xestión informática dos expedientes tramitados nos rexistros civís.

Artigo 2. *Aprobación da versión 4.0 da aplicación informática dos rexistros civís. Novas funcionalidades do sistema.*

1. Queda aprobada a nova versión da aplicación para os rexistros civís informatizados de España elaborada polo Ministerio de Xustiza, baixo a supervisión da Direc-

ción Xeral dos Rexistros e do Notariado, que será identificada coa denominación de «Inforeg» (versión 4.0), cuxas características técnicas se especifican no anexo I desta orde.

2. O aplicativo informático Inforeg (versión 4.0), ademais de cumprir todas as funcionalidades prestadas polas versións anteriores, incorporará as seguintes:

a) Lingua de redacción dos asentos: permitir o cumprimento do disposto no parágrafo final do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil, facilitando que os asentos rexistrais se poidan redactar en lingua castelá ou na lingua oficial propia da comunidade autónoma en que radique o rexistro civil nos casos en que así proceda de acordo coa lexislación vixente;

b) Sinatura electrónica: incorporaranse os equipamentos e programas necesarios a fin de lles permitir aos encargados, secretarios e demais funcionarios adscritos ao rexistro civil, con funcións de sinatura de asentos ou certificacións, o uso de sinatura electrónica recoñecida, nos termos establecidos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica satisfacendo as características de autenticación, confidencialidade, integridade, non repudio e selaxe de tempo.

Habilitase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para determinar os grupos de usuarios que serán autorizados para o uso da sinatura electrónica de entre os antes citados, momento en que tal autorización deba ser efectiva e relación de actuacións e comunicacións que se poderán realizar mediante o emprego da sinatura electrónica, entre as cales poderá figurar a remisión de partes e duplicados de inscricións entre os rexistros civís consulares e o Rexistro Civil Central, e entre os rexistros civís municipais e o central, respectivamente, nos termos establecidos no artigo 18 da Lei do Rexistro Civil, na súa redacción dada pola Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, así como os partes comunicando a inscrición dun matrimonio, tutela ou defunción para a extensión da correspondente nota na inscrición de nacemento, conforme o previsto nos artigos 39 da Lei do Rexistro Civil e 159 do seu regulamento.

c) Asentos dixitalizados: integración das imaxes dos asentos existentes nos libros dixitalizados e dos datos gravados procedentes de tales asentos na aplicación informática de forma operativa, permitindo cumprir todas as funcionalidades propias dela.

Artigo 3. *Depósito de códigos fonte, administración do sistema e protección de datos.*

1. Os códigos fonte da nova versión 4.0 da aplicación informática «Inforeg» deberán permanecer depositados, baixo a indicada denominación, na Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías, adscrita á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza deste departamento, a quen corresponde a súa custodia e conservación.

2. Igualmente, correspóndelle á citada subdirección xeral a responsabilidade da realización das tarefas necesarias de administración do sistema que garantan o correcto funcionamento, a custodia e a súa seguraza.

3. O establecido nesta orde ministerial aplicarase en todo caso de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 4. *Modificación da orde do Ministerio de Xustiza do 1 de xuño de 2001 sobre libros e modelos dos rexistros civís informatizados.*

A Orde do Ministerio de Xustiza do 1 de xuño de 2001 sobre libros e modelos dos rexistros civís informatizados modifícase nos seguintes termos:

Un. As regras 1.^a e 2.^a do artigo 3 relativo a «Os libros dos rexistros civís informatizados» quedan redactados do seguinte modo:

«1.^a Os libros que conforme a lei se deban levar en cada unha das catro seccións serán uniformes en todos os rexistros civís informatizados. Igual regra de uniformidade rexerá respecto dos «Libros complementarios de inscricións marxinais».

2.^a Estes libros estarán compostos de follas móbiles en cuxa marxe superior esquerda figurará preimpreso, e encerrado nun círculo, o escudo de España e unha lenda que diga na parte superior Ministerio de Xustiza, e na inferior Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. O terzo esquerdo do anverso de cada folla estará separado por unha columna vertical que conterà en impresión codificada a lenda Ministerio de Xustiza. Cada folla levará marcas de augas co escudo constitucional, e impresa pola aplicación informática na primeira liña a palabra «tomo» seguida dun espazo en branco e, a seguir, a paxinación que lle corresponda dentro do libro. Na parte inferior da folla, separada por unha liña horizontal e na súa marxe esquerda, figurará preimpresa a letra «L», seguida da indicación das respectivas seccións mediante as iniciais «N», «M», «D» ou «T», e continuando coa numeración seriada asignada pola Fábrica Nacional da Moeda e Timbre a cada libro. O resto do espazo central e marxe da folla irá en branco.»

Dous. Modifícase o número 3 e introdúcese un novo número 4 no artigo 4 coa seguinte redacción:

«3. Os citados certificados responderán aos modelos oficiais aprobados polas disposicións vixentes, e incluírán, a continuación da cita destas, unha referencia á presente orde.

4. Na certificación deberá figurar o seu carácter de literal ou en extracto, ou ben literal para os exclusivos efectos de obtención do documento nacional de identidade. Antes da reprodución do contido dos asentos certificados deberá figurar o número total de follas de que consta o certificado e o número correlativo de cada unha, selándose todas elas co selo do rexistro en forma que se garanta a integridade e unidade documental da certificación.»

Artigo 5. *Modificación da orde do Ministerio de Xustiza do 19 de xullo de 1999 sobre informatización dos rexistros civís.*

A Orde do Ministerio de Xustiza do 19 de xullo de 1999 sobre informatización dos rexistros civís modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. A redacción dos asentos expedidos nos libros de follas móbiles axustarase aos modelos actualmente aprobados coas seguintes modificacións:

a) Nas respectivas inscricións principais de matrimonio e defunción consignarase o documento nacional de identidade do inscrito e na de nacemento o dos seus proxenitores.

Respecto dos cidadáns estranxeiros farase constar o seu número de identidade de estranxeiro (NIE), mesmo na inscrición de nacemento e, en caso de adquisición da nacionalidade española non orixinaria, expresarase na epígrafe de «Observacións» da inscrición de nacemento o nome e apelidos que legalmente lle correspondían conforme o seu anterior estatuto persoal e que fose acreditado nas actuacións ou expedientes rexistrais que determinasen a devandita adquisición.

b) Cada campo de información irá precedido do código que corresponda segundo o establecido nos

anexos I e II do Convenio número 25 da Comisión Internacional do Estado Civil relativo á codificación das enunciacións que figuran nos documentos de estado civil feito en Bruxelas o 6 de setembro de 1995.»

Dous. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Expedición de certificacións.*

1. As certificacións, tanto literais como en extracto, expediranse directamente a partir dos datos almacenados nas bases informatizadas, logo do seu cotexo, se é o caso, cos que figuren nos libros e baixo a sinatura e responsabilidade de quen a expida.

2. As certificacións literais dos asentos correspondentes a libros rexistrados manuais que fosen obxecto de dixitalización e de integración dos seus datos de indexación e localización e imaxes no aplicativo informático Inforeg, poderán consistir nunha reprodución gráfica de tales imaxes almacenadas no sistema. Se a certificación comprendese asentos correspondentes a libros manuais dixitalizados e outros xerados por medio do programa Inforeg, a certificación poderá incorporar follas de reprodución gráfica de imaxes e outras que respondan ao formato normalizado de Inforeg, en función da natureza da base de datos do sistema de que procedan.

3. En caso de discrepancia entre os datos dos libros e os que figuren almacenados nas bases informatizadas, fosen estes xerados por Inforeg ou procedan da dixitalización dos libros manuais, prevalecerán os que figuren nos libros e practicaranse as correspondentes rectificacións nas bases informáticas para a súa debida concordanza cos dos libros.»

Artigo 6. *Creación do Libro complementario de inscricións marxinais.*

1. Créase o «Libro complementario de inscricións marxinais» respecto das seccións primeira ou «De nacementos e xeral», segunda ou «De matrimonios», terceira ou «De defuncións» e cuarta ou «De tutelas e representacións legais», debendo existir en todo momento un aberto por cada unha das citadas seccións de cada rexistro civil, cunha numeración seriada e diferenciada por seccións.

2. O obxecto destes libros é o de permitir a redacción neles das sucesivas inscricións, anotacións e notas marxinais que se deban practicar en relación cos feitos ou actos relativos ao estado civil das persoas cuxa inscrición principal, coa cal estea relacionada por conexión conforme o artigo 46 da Lei do Rexistro Civil, conste estendida en libros rexistrados manuais abertos con anterioridade á informatización do correspondente rexistro civil e que fosen obxecto do proceso de dixitalización a que se refire o artigo 7 desta orde ministerial.

3. Os libros a que se refire este artigo están suxeitos á regra de unidade documental respecto dos libros ordinarios das seccións primeira, segunda, terceira e cuarta de cada rexistro a que respectivamente complementan, de forma que, a fin de salvaguardar este principio, antes de practicarse en cada unha das súas follas a primeira inscrición, anotación ou nota marxinal se consignará referencia ao tomo, páxina, sección e, se é o caso, distrito de procedencia en que conste practicada a correlativa inscrición principal a que se encontre vinculada por identidade da persoa ou matrimonio a que se refira, formando conxuntamente un único folio rexistral ou rexistro particular de cada persoa ou vínculo matrimonial.

4. Unha vez redactada no anverso de cada folla a primeira inscrición, anotación ou nota marxinal, os sucesivos asentos redactaranse correlativamente pola súa orde cronolóxica, irán identificados individualmente por unha letra do alfabeto en orde sucesiva e encabezados

pola indicación da súa respectiva natureza de «inscrición marxinal», «anotación marxinal» ou «nota marxinal», as cales, se é o caso, se relacionarán entre si mediante as oportunas notas de referencia, que se introducirán no terzo esquerdo da páxina. En cada unha das follas destes libros non se poderán consignar máis asentos que os relacionados directamente cunha mesma e única inscrición principal, isto é, relativos a unha mesma persoa ou matrimonio e respectando as regras sobre distribución por seccións rexistradas.

5. Utilizaranse con este carácter de libros complementarios de inscricións marxinais os libros de follas móbiles ordinarios regulados no número 4 do artigo 3 da Orde do 1 de xuño de 2001 sobre libros e modelos dos rexistros civís informatizados. Estes libros quedan identificados pola impresión mediante o aplicativo Inforeg da letra «M» en cada unha das follas nas cales se proceda a expedir inscricións, anotacións ou notas marxinais.

6. Ademais, cada libro conterá unha folla de apertura e outra de peche, co único literal «Dilixencia de apertura-Libro complementario de inscricións marxinais» e «Dilixencia de peche-Libro complementario de inscricións marxinais», respectivamente, que se axustarán aos modelos que figuran no anexo III desta orde ministerial.

7. A redacción dos asentos nos libros complementarios de inscricións marxinais realizarase suxeitándose aos modelos oficiais aprobados en cada momento, e redactaranse de forma que, tanto no anverso coma no reverso de cada unha das follas, o espazo do terzo esquerdo se utilizará tan só para consignar notas de referencia, utilizando o espazo central para a redacción correlativa, pola orde das súas respectivas datas, dos demais asentos calquera que sexa a súa tipoloxía e natureza.

8. En todo o referido a foliado, selaxe, visado, apertura, peche, composición, tamaño e formato dos libros complementarios de inscricións marxinais rexeranse polas demais regras vixentes relativas aos libros dos rexistros civís informatizados.

Artigo 7. *Recuperación dos arquivos anteriores á informatización dos rexistros civís mediante a dixitalización dos libros rexistrados manuscritos.*

1. A recuperación informática dos asentos relativos a inscricións anteriores á implantación da aplicación informática Inforeg aprobada pola Orde do Ministerio de Xustiza do 1 de xuño de 2001, que constan nos tradicionais libros manuscritos, realizarase progresivamente no calendario establecido no Convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Xustiza e a entidade pública empresarial Red.es para a posta en marcha do programa «Rexistro civil en liña» asinado o 17 de maio de 2006, e abranguerá todas as inscricións de nacemento, matrimonio, defuncións e tutelas e demais representacións legais practicadas nos rexistros civís municipais, tanto principais como delegados, desde 1950.

2. A recuperación informática a que se refire o punto anterior realizarase levando a cabo as seguintes actuacións:

- a) a dixitalización das páxinas dos libros rexistrados consistente no seu escaneamento e indexación; e
- b) a gravación informática básica dos datos dos asentos rexistrados que permitan a busca e consulta da páxina e tomo dixitalizado en que se encontren.

3. Inmediatamente antes de comezar a dixitalización de que trata a letra a) anterior, e respecto de cada un dos tomos do arquivo, o encargado do rexistro civil correspondente redactará neles unha dilixencia de peche provisional, que se converterá en definitivo no momento da recepción das imaxes dixitalizadas e datos gravados prevista no número 5 deste artigo. Entre as datas de peche

provisional e definitivo, que non poderán distar máis de 7 días hábiles entre si, non se expedirá, como regra xeral, ningún asento no tomo dilixenciado salvo por causa excepcional, grave e debidamente xustificada, sen prexuízo de que o encargado levante acta das declaracións relativas a feitos inscribibles nos termos previstos pola lexislación vixente. Unha vez expedida a dilixencia de peche definitivo procederase á inutilización dos restantes folios en branco do libro, trazando en toda a súa extensión unha aspa e indicando ao pé de cada un o seu carácter de «Inutilizado», coa rúbrica do secretario ou encargado, e selo da oficina. No último folio porase nota de referencia á de peche. As dilixencias de peche provisional e definitivo de que trata este punto suxeitaranse na súa redacción aos modelos que figuran no anexo III desta orde ministerial.

Respecto dos asentos que excepcionalmente se expidan despois do peche provisional ata o definitivo debe realizarse unha relación individualizada e circunstanciada a fin de facilitar un novo e inmediato escaneamento das páxinas rexistradas en que tales asentos se expidisen.

4. A dixitalización a que se refire a alínea a) do número 2 anterior debe cumprir os seguintes requisitos e especificacións:

a) os dispositivos de dixitalización ou escaneamento para a obtención de copias dixitais dos libros rexistrados en papel configurarase cunha resolución de puntos por polgadas e cunha escala cromática suficiente para obter unha calidade, polo menos, similar a unha fotocopia;

b) cada páxina dixitalizada será indexada cunha clave que a identificará de forma única no fondo documental e que servirá para a súa posterior integración en Infogeg. A clave estará formada polos seguintes datos: rexistro civil, sección, tomo e páxina;

c) para cada páxina dixitalizada ou escaneada xerárase unha imaxe máster, utilizada para fins de preservación, e unha imaxe derivada, que será obxecto de incorporación a Infogeg para a súa utilización na xestión ordinaria do rexistro, conforme o previsto no número 7 deste artigo.

As imaxes máster e as imaxes derivadas a que se refire o precedente parágrafo xeráranse en formato «TIFF 6.0» e «JPEG», respectivamente. Habilítase a Dirección Xeral dos Registros e do Notariado para acordar a modificación de tales formatos.

5. A gravación informática dos datos dos asentos rexistrados realizárase de forma manual sempre que resulte imposible utilizar técnicas de recoñecemento automático de caracteres (OCR) e terá por obxecto, polo menos, aqueles datos que permitan a busca e consulta da páxina e tomo dixitalizado en que se encontren, sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado para acordar na forma e prazos que determine a súa extensión a aqueles outros datos que resulten precisos para permitir que a propia aplicación informática xere automaticamente certificacións en extracto.

6. A gravación dos datos a que se refire o punto anterior deste artigo poderase realizarse nun centro de gravación cuxo asentamento físico sexa distinto á propia sede do rexistro civil dixitalizado. Neste caso, as imaxes xeradas polo proceso previo de dixitalización dos libros rexistrados deberán remitir convenientemente cifradas ao centro de gravación, ben de forma telemática, ben mediante soporte físico, de forma que quede garantida en todo momento a dispoñibilidade, integridade e confiabilidade dos datos conforme as exigencias do plan de seguridade que elaborará a Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías, baixo a supervisión da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, a que se refire o anexo II desta orde.

A remisión das imaxes ao centro de gravación require a autorización formal previa do encargado do rexistro

civil, en canto responsable da custodia dos seus libros, conforme o artigo 100 do Regulamento do Rexistro Civil. Esta autorización poderase ser única para todo o proceso de dixitalización.

7. Unha vez levadas a cabo as actuacións de dixitalización e gravación de datos a que se refire o número 2 deste artigo, realizarase desde o centro de gravación un proceso de remisión e entrega tanto das imaxes derivadas como dos datos gravados ao rexistro civil de procedencia, cuxo encargado lle comunicará á Dirección Xeral dos Registros e do Notariado a súa recepción, e realizará unha revisión da información dixital recibida como parte da actividade ordinaria do rexistro ao tempo de realizar novas inscricións nos libros complementarios de inscricións marxinais e ao expedir certificacións referentes a asentos que figuren nos libros rexistrados manuscritos que fosen obxecto de dixitalización durante o ano seguinte a tal recepción. A remisión de imaxes e datos de que trata este punto realizarase de forma telemática a través dunha liña de comunicacións segura, baixo as mesmas condicións e garantías prescritas no número 5 deste artigo.

8. O resultado da dixitalización e gravación será incorporado ao aplicativo Infogeg na súa versión 4.0 aprobada polo artigo 2 desta orde ministerial, de forma que as imaxes e datos gravados queden integrados nela de forma operativa, permitindo cumprir todas as funcionalidades propias del. Para iso, en particular, garantiranse as ligazóns recíprocas, mediante vínculos automáticos, entre os datos e imaxes correspondentes ás inscricións principais procedentes dos libros manuscritos dixitalizados e as inscricións marxinais que se expidan nos libros complementarios regulados no artigo 6 desta orde.

Artigo 8. Seguimento de incidencias, informes e consultas relativas ao proceso de dixitalización dos libros manuscritos dos registros civís.

1. Os encargados dos registros civís en que se iniciase a execución das actuacións a que se refire o artigo anterior, deberán dar conta ao Ministerio de Xustiza, a través da Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías, de cantas incidencias se presenten relativas á dixitalización dos libros manuscritos ou relativas á incorporación e xestión das imaxes e datos gravados na aplicación informática Infogeg instalada nos respectivos registros civís ao seu cargo.

2. A Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías elevará un informe mensual á Dirección Xeral dos Registros e do Notariado sobre a evolución do proceso de dixitalización e das incidencias detectadas durante o correspondente mes durante o período a que se estenda a efectiva realización do proceso de dixitalización regulado no artigo 7 desta orde ministerial na totalidade dos registros civís municipais de España, podendo someterlle as consultas que coide necesarias. A Dirección Xeral dos Registros e do Notariado poderase, antes de resolver sobre estas últimas, someterlas á consideración non vinculante da Comisión Nacional de Informatización dos Registros Civís e determinar de común acordo coa entidade pública empresarial Red.es, á vista da experiencia acumulada, as modificacións convenientes no procedemento de xestión de incidencias.

Disposición adicional primeira. Xestión dos expedientes tramitados nos registros civís mediante procedementos informáticos.

O Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado, desenvolverá as actuacións xurídicas, administrativas e técnicas necesarias a fin de permitir, por medio do correspondente aplicativo, a xestión integramente informatizada dos expedientes tramita-

dos nos rexistros civís, de acordo coa lexislación vixente, facilitando a súa integración coa aplicación informática Inforeg e garantindo a súa conectividade e plena compatibilidade coas bases e programas informáticos utilizados pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para a tramitación dos expedientes sobre nacionalidade da súa competencia.

Disposición adicional segunda. *Idioma en que se redactarán os modelos de dilixencias de apertura e peche e asentos dos libros rexistrals.*

1. Os modelos de dilixencias de apertura e peche incorporados ao anexo III desta orde ministerial serán bilingües nos rexistros civís das comunidades autónomas con idioma oficial propio, ademais do castelán, conforme as traducións que aprobará a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, por proposta dos órganos competentes das respectivas comunidades autónomas.

2. Os asentos rexistrals que se deban redactar en lingua oficial propia da comunidade autónoma en que radique o rexistro civil distinta do castelán, nos casos en que proceda legalmente de acordo co disposto polo parágrafo final do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil, axustaranse aos modelos en cada momento vixentes de acordo coa tradución oficial que deles se aprobe, as cales serán incorporadas á aplicación Inforeg pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, a través da Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías, inmediatamente despois de producida a súa aprobación.

Disposición transitoria única. *Implantación gradual.*

A implantación da nova versión 4.0 de Inforeg nos rexistros civís de España, así como do aplicativo destinado á xestión informática dos expedientes tramitados nos ditos rexistros civís, levarase a cabo de forma gradual a medida que as disponibilidades técnicas e orzamentarias o permitan.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o artigo 9 da orde do Ministerio de Xustiza do 19 de xullo de 1999 sobre informatización dos rexistros civís, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango resulten contraditorias co contido desta orde.

2. Suprímese o modelo número 6 sobre «Aviso para a celebración de matrimonio canónico» e «Recibo de aviso de matrimonio» aprobado pola Orde do 24 de decembro de 1958, pola que se dan distintas normas concernentes á posta en vigor da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da regra 8.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento e execución.*

Facúltase a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para ditar as resolucións e instrucións de desenvolvemento necesarias para a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de maio de 2007.–O ministro de Xustiza, Mariano Fernández Bermejo.

ANEXO I

Características técnicas da aplicación informática Inforeg (versión 4.0) dos rexistros civís

1.º Requisitos iniciais:

Independencia respecto ao sistema operativo UNIX, Linux ou NT.

Base de datos relacional. Adaptación na aplicación a algunhas sentenzas propias do xestor de base de datos de Oracle, para o seu mellor rendemento.

Acceso a datos vía JDBC.

2.º Arquitectura da aplicación.

A aplicación baséase nunha arquitectura MVC (Modelo Vista Controlador) con tecnoloxía J2EE utilizando como framework de desenvolvemento o da Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías baseado en Struts.

O deseño permite a súa utilización por un ou varios rexistros civís.

No servidor residen os seguintes elementos do aplicativo:

Clases Java incluídas na plataforma do framework desenvolvido na Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías.

Clases Java de libre distribución.

Módulos da aplicación de rexistros civís compostos de:

Accións (obxectos que se executan no contorno servidor).

Applets (obxectos que se executan no contorno cliente).

JSP's e páxinas HTML.

Documentos XML, onde se almacenan os formatos das pantallas de captura de datos dos asentos.

Documentos PDF.

B.D Relacional composta de:

Táboas de textos matrices. A aplicación contén un xerador dinámico para a construción das pantallas de captura dos datos que dan forma a cada un dos asentos que se practican e a extensión dos seus certificados nos libros rexistrals. Toda esta información almacénase neste conxunto de táboas.

Táboas de datos. Nestas táboas almacénanse todos os datos dos asentos xerados en cada rexistro civil.

ANEXO II

Contido e requisitos do plan de seguraza

O plan de seguraza que, de conformidade co disposto no número 5 do artigo 7 desta orde ministerial, debe definir a Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías, no cal se detallarán as medidas tecnolóxicas e de xestión que se empreguen nel, garantirán en todo momento a dispoñibilidade, integridade e confidencialidade dos datos obtidos no proceso de dixitalización e gravación, de acordo coas exixencias da lexislación do Rexistro Civil.

De acordo coa Orde JUS/837/2007, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde JUS/1294/2003, do 30 de abril, pola que se determinan os ficheiros automatizados con datos de carácter persoal do departamento e os seus organismos públicos, os ficheiros de datos xerados pola dixitalización e gravación de datos dos rexistros civís

informatizados serán tratados con medidas asociadas a un nivel de seguraza alto, de acordo co disposto polo artigo 9 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

1. Integridade dos ficheiros de imaxes. Garantirase a autenticidade e inalterabilidade das imaxes desde o momento da súa captura no órgano rexistral ata a súa entrega ao Ministerio de Xustiza.

2. Envío de ficheiros de imaxes e metadatos. O envío das imaxes xeradas polo proceso de dixitalización dos libros rexistrais que se deban remitir ao centro de gravación, conforme o previsto no número 5 do artigo 7 desta orde ministerial, poderá realizarse ben de forma telemática, a través dunha liña de comunicación segura, ben mediante soporte físico (cintas, DVD ou outro dispositivo), e en ambos os casos as imaxes deberán ser convenientemente cifradas antes de realizarse o envío.

En particular, en caso de transmisión telemática das imaxes implementaranse canles de comunicación securizadas (SSL, IPSec, etc.) para garantir: a) a autenticación, integridade e non repudio mediante sinatura electrónica avanzada. Só se admitirán sinaturas electrónicas baseadas en certificados recoñecidos e vixentes que cumpran a recomendación UIT X.509.v3; e b) a confidencialidade, mediante a cifraxa.

Deberá existir un control do estado dos envíos que permita saber en todo momento onde se encontra cada páxina dixitalizada.

3. Centro de gravación. As instalacións onde resida o centro de gravación que acolla os servidores informáticos onde se localice a información así como os equipamentos de comunicacións deberá contar cun sistema de detección e protección contra intrusión e incendios, vixilancia durante as 24 horas do día, control de accesos, que deberá ser limitado exclusivamente ao persoal autorizado, e conexión con central de alarmas.

A base de datos temporal onde residan as imaxes e información gravada a partir da dixitalización dos libros rexistrais contará cun sistema de control de acceso que permitirá non só a autenticación senón tamén a auditoría de accesos.

4. Copias de seguraza e destrución da información. Establecerase un procedemento de copias de seguraza que garanta a recuperación dos datos e que cumpra o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para ficheiros de nivel alto.

ANEXO III

Dilixencias de apertura e peche dos libros complementarios de inscricións marxinais e de peche provisional e definitivo dos libros manuscritos escaneados

Dilixencia de apertura e peche dos libros complementarios de inscricións marxinais

Dilixencia de apertura.–Con esta data procédese á apertura deste libro complementario número da Sección de do Rexistro Civil de (provincia), o cal consta de 400 páxinas útiles, nas cales se redactarán as inscricións, anotacións e notas marxinais a que se refire o artigo 6 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche.–Con esta data procédese ao peche deste libro complementario, que contén as inscricións, anotacións e notas marxinais ordenadas polo artigo 6 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos, referidas a inscricións principais, e téndose inutilizado as páxinas

O motivo da clausura é

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche provisional e definitivo dos libros manuscritos obxecto de dixitalización

Dilixencia de peche provisional.–Con esta data procédese ao peche provisional deste libro, conforme o disposto no artigo 7 da Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos, contendo inscricións principais.

O motivo da clausura é a incorporación deste libro ao proceso de dixitalización prescrito na citada orde ministerial.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

Dilixencia de peche definitivo.–Con esta data procédese ao peche definitivo deste libro, que contén inscricións principais, das cales se redactaron con posterioridade ao seu peche provisional, téndose inutilizado as páxinas

O motivo da clausura é a finalización do proceso de dixitalización do libro, conforme o prescrito pola Orde JUS/1468/2007, do 17 de maio, sobre impulso á informatización dos rexistros civís e dixitalización dos seus arquivos.

En, o dede

O/A secretario/a, O/A encargado/a,

.....

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10705 *ORDE APA/1470/2007, do 24 de maio, pola que se regula a comunicación de comercialización de determinados medios de defensa fitosanitaria. («BOE» 128, do 29-5-2007.)*

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, regula no capítulo IV do seu título III a comercialización e utilización dos organismos de control biolóxico e demais medios de defensa fitosanitaria distintos dos produtos fitosanitarios. As normas que regulan os produtos fitosanitarios, cada vez máis exixentes e restritivas, e a progresión da agricultura ecolóxica, na cal o seu uso está moi limitado, determinan a importancia destoutros